

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 18 DE FEBREIRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se crea e se regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oleiros para a execución da obra: "Tanque de tormentas en Santa Cruz. Oleiros (A Coruña)", clave OH.315.1075, por importe de tres millóns oitocentos setenta e cinco mil seiscentos setenta e oito euros (3.875.678,00 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, por un importe total de once mil catrocentos noventa e dous euros (11.492 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, por un importe total de trece mil catro euros (13.004 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de douscentos sesenta e dous mil setecentos trinta e catro euros (267.734 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña (Aclad), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón catrocentos cincuenta mil seiscentos catorce euros (1.450.614,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga (Alborada), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe dun millón douscentos noventa e un mil setecentos sesenta e tres euros (1.291.763,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de oitocentos tres mil oitocentos corenta euros (803.840,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas, por un importe de cincocentos corenta e catro mil novecientos vinte e seis euros (544.926,00€).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre “Abalar. Estratexia de integración das TIC na práctica educativa”.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a execución do orzamento de 2015 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre as actuacións necesarias para garantir a circulación nas estradas de titularidade autonómica en condicións de seguridade ante a climatoloxía adversa dos días 12, 13 e 14 de febreiro.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a iniciativa para a captación de investimentos 4.0

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento das actuacións previstas para a dotación dun novo edificio para a Facultade de Medicina e Odontoloxía.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre o estado do proceso de implantación en Galicia dos grupos de acción local do sector pesqueiro no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

## OS BANCOS DISPORÁN DE SEIS MESES PARA INSCRIBIR OS SEUS INMOBLES DESOCUPADOS NO CENSO DE VIVENDAS BALEIRAS DA COMUNIDADE

- *O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se crea e se regula o funcionamento deste instrumento dedicado a incorporar ao mercado as vivendas baleiras e promover a súa utilización na planificación das políticas sociais de vivenda*
- *O Decreto entrará en vigor un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e a partir de aí establece o prazo para a inscrición*
- *Será obrigatorio o rexistro das vivendas baleiras propiedade de entidades financeiras, filiais inmobiliarias e entidades de xestión de activos cando se atopen en concello de máis de 10.000 habitantes*
- *O incumprimento da obriga de inscrición conlevará unha sanción de ata 3.000 euros por inmovible non rexistrado*
- *Incorórase a posibilidade de inscrición voluntaria para os inmoables desocupados propiedade dos concellos ou doutras administracións públicas*
- *Tamén poderán inscribirse voluntariamente as vivendas baleiras propiedade de persoas e empresas en calquera municipio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea e se regula o funcionamento do Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxectivo incorporar ao mercado o parque de inmoables desocupados que son propiedade dos bancos e promover a súa utilización na planificación das políticas sociais de vivenda.

O censo permitirá dispoñer de información adecuada en relación co estado de ocupación do parque de vivendas de Galicia co obxecto de realizar a planificación social da política de vivenda por parte da Xunta de Galicia.

A inscrición das vivendas no censo será obrigatoria para todas as vivendas baleiras que formen parte de edificios de tipoloxía residencial colectiva ou de complexos inmobiliarios situados en concellos de máis de 10.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que sexan propiedade de entidades de crédito, das súas filiais inmobiliarias ou das entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes da reestruturación bancaria, con independencia de onde se atope o domicilio social dos seus titulares.

O Decreto entrará en vigor un mes despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e desde entón as entidades disporán dun prazo de seis meses para inscribir os inmoables que nese momento se atopen desocupados.

Para as vivendas que se rematen ou se baleiren con posterioridade á entrada en vigor do Decreto, establécese un prazo máximo de oito meses desde a obtención da licenza de primeira ocupación ou desocupación da vivenda polo remate dun contrato de alugueiro ou a compra da mesma.

O incumprimento da obriga de inscrición conlevará unha sanción de ata 3.000 euros por inmovible non rexistrado.

No Censo de Vivendas Baleiras poderán inscribirse de maneira voluntaria o resto de vivendas baleiras da comunidade autónoma, sexan propiedade de persoas físicas ou xurídicas e independentemente do tamaño do concello onde se empracen.

Con respecto ao borrador do Decreto aprobado hoxe, incorpórase como novidade a posibilidade de que se inscriban tamén de forma voluntaria as vivendas baleiras propiedade dos concellos e outras administracións públicas.

No caso de vivendas de inscrición voluntaria poderase solicitar en calquera momento.

A efectos do Censo, considéranse vivendas baleiras as que non sexan ocupadas polos seus propietarios ou non exista unha persoa usuaria que dispoña do correspondente título que lle dea dereito a súa ocupación.

### **Medidas**

O Decreto inclúe as medidas que a Xunta de Galicia poderá adoptar para favorecer a ocupación das vivendas baleiras, que son:

1. A Xunta poderá impulsar a sinatura de acordos de colaboración co obxecto de destinar as vivendas inscritas no censo a atender a persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria ou por desafiuzamentos por impago de rendas de aluguer.

2. Ademais, o Goberno galego poderá mediar entre as persoas propietarias das vivendas baleiras inscritas e as persoas demandantes de vivenda, coa fin de favorecer a súa ocupación, facilitando fórmulas de concertación de arrendamentos ou adquisición. Para tal fin, as vivendas baleiras inscritas propiedade das entidades de crédito, e das súas filiais inmobiliarias e das entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes da reestruturación bancaria e, sempre que se axusten aos prezos máximos establecidos para as vivendas protexidas, poderán ser ofertadas polo seu propietario á Xunta para a súa adxudicación a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en aluguer como en venda.

3. Así mesmo, co previo consentimento dos propietarios as vivendas inscritas no censo poderán ser utilizadas nos programas de fomento do aluguer que desenvolva a Xunta ou as administracións locais.

## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 3,8 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO TANQUE DE TORMENTAS DE SANTA CRUZ, EN OLEIROS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto desta actuación, a primeira das obras previstas para a mellora do saneamento da ría do Burgo en tempo de choiva*
- *Priorízase a súa construción para evitar verteduras puntuais da rede á ría e para mellorar así a calidade das augas*
- *O proxecto recolle a execución da infraestrutura necesaria para este novo tanque, a conexión coa rede de saneamento no contorno do parque Luis Seoane e a demolición do actual bombeo e reurbanización da zona*
- *A ría do Burgo é unha prioridade estratéxica para a Xunta, que xa investiu máis de 100 millóns de euros na súa mellora*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 3,8 millóns de euros na construción do tanque de tormentas de Santa Cruz, en Oleiros. Trátase da primeira das obras previstas para a mellora do sistema de saneamento da ría do Burgo en tempos de choivas intensas.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto desta actuación, que se prioriza co obxectivo de evitar as verteduras puntuais que se producen desde a rede á ría e, así, mellorar a calidade das augas.

Actualmente, se as choivas son intensas, a rede de saneamento de Oleiros que conecta coa Edar de Bens non pode xestionar o aumento puntual de caudal, provocando vertidos. A construción do tanque viría solucionar este problema.

En concreto, o proxecto recolle a execución das conducións, estruturas e instalacións necesarias para a construción do tanque, a mellora da rede de saneamento no contorno do parque Luis Seoane e conexión ao novo tanque e a demolición do actual bombeo e reurbanización da zona.

A previsión é que a finais deste mes se publique no Diario Oficial de Galicia (DOG) a licitación destas obras, que terán un prazo de execución de 18 meses.

### **Plan de saneamento local**

A actuación inscríbese no Plan de saneamento local da ría do Burgo, que contén un exhaustivo estudo da situación dos elementos de saneamento arredor da ría. Nel, conclúese a inexistencia de verteduras en tempo seco e propóñense, por parte da Xunta, dúas actuacións para evitalos tamén en tempos de choiva: o tanque de tormentas de Santa Cruz, en Oleiros e a optimización da rede de saneamento do Temple. De feito, esta última actuación tamén se licitará este ano, e contará cun orzamento de preto de 2 millóns de euros.

A Xunta dá así un paso máis na mellora da ría do Burgo, unha prioridade estratéxica para o Goberno galego, tal e como demostran os máis de 100 millóns de euros que a Administración autonómica investiu na ría, e que xa teñen redundado na súa mellora.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 25% A DOTACIÓN ECONÓMICA TOTAL DOS CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO, VIGO E A CORUÑA PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN DO GALEGO NO RAMÓN PIÑEIRO**

- *Os acordos teñen por obxectivo o fomento da investigación lingüística e literaria da lingua galega*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará máis de 287.000 euros ao impulso das actividades de investigación da historia da lingua e da literatura galega a través da actividade que realiza o Centro Ramón Piñeiro en colaboración coas tres universidades galegas, o que supón incrementar nun 25% a dotación económica total destinada a estes acordos respecto da contía total que se destinou a eles no trienio 2013-2015. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de convenios coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, ao abeiro dos cales se desenvolverá un completo programa de actividades destinadas a afondar no estudo filolóxico e na conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas co obxectivo de dotar o noso sistema lingüístico das ferramentas necesarias para a súa aplicación por parte de entidades de distinta natureza, así como para seguir afondando no seu prestixio e dotación de fondos que contribúan ao seu amplo coñecemento.

Tendo en conta os destacados resultados obtidos das investigacións previstas, e mantendo os obxectivos definidos inicialmente, a consellería decidiu incrementar o orzamento destinado a estes acordos. Neste sentido, fórmulase un desenvolvemento maior e de repercusións máis ambiciosas que consoliden a lingua galega no mundo das tecnoloxías da información e o coñecemento, e no do procesamento da linguaxe natural, co fin de dar un salto cualitativo que situará a nosa lingua na vangarda da lingüística computacional. Os convenios entrarán en vigor o mesmo día da súa sinatura e terán vixencia durante os anos 2016 e 2017.

Ao abeiro destes convenios desenvolveranse proxectos como o 'Corpus Documentale Latinum Gallaeciae' (Codolga), o Etiquetador/lematizador do galego actual, o proxecto de Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala, o Termigal (terminoloxía científica técnica), a base de datos do Atlas lingüístico románico, a Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega), o Corpus de referencia do galego actual (CORGa), o Dicionario galego-italiano/italiano-galego, o Arquivo Galicia Medieval (Argamed), o proxecto lírica galego-portuguesa, o de prosa literaria, o de Cantigas de Santa María, o de dicionarios de literatura, o de bibliografía da literatura galega, o Informe anual de literatura galega, o proxecto Dimensión da identidade colectiva de Galicia e o de Investigación en literatura infantil e xuvenil.

---

Coa renovación desta colaboración, a consellería pon de manifesto o seu compromiso coa recuperación da lingua galega contribuíndo á súa difusión e ao proceso de normalización lingüística en aplicación do Plan xeral de normalización lingüística. Neste sentido, cómpre sinalar que a aplicación dos coñecementos produto dalgunhas destas investigacións proporcionan novas vías de solución para a mellora do uso dos sistemas informáticos na lingua propia de Galicia, unha estratexia fundamental para fomentar o emprego do galego nos nosos días.

## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 6,7 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER SOCIOSANITARIO**

O Consello da Xunta vén de aprobar axudas concedidas polo Servizo Galego de Saúde, por un importe de 5.641.313 euros, a distintas asociacións sen ánimo de lucro, para a asistencia de pacientes con trastornos relacionados con dependencias non alcohólicas, con dependencias alcohólicas, así como para a atención á saúde mental infanto xuvenil.

Sinalar, así mesmo, que a Consellería de Sanidade ten en trámite outras axudas de carácter sociosanitario para o desenvolvemento de programas de atención xurídico social e apoio de accións en materia de saúde mental, levadas a cabo por asociacións de familiares, pacientes e profesionais, por un importe de 1,1 millóns de euros, que se cumprimentarán nas vindeiras semanas. En consecuencia, o importe total das axudas concedidas polo departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña por este concepto suman un total de 6.757.845 euros.

### **Dependencias non alcohólicas**

En concreto, destínanse 4.091.143 euros a convenios de colaboración entre o Sergas e as seguintes entidades: Asociación de loita contra a droga Alborada; Asociación de loita contra a droga da Coruña (Aclad); Asociación de drogodependencias Asfedro; e a Asociación Cruz Vermella de Lugo. O obxecto destas axudas é o desenvolvemento, por parte das anteditas asociacións, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención, dende un enfoque biopsicosocial, a persoas con trastornos aditivos relacionados con dependencias non alcohólicas, atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas.

Complementariamente, e cunha periodicidade anual, subscríbese, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), un convenio de colaboración para o financiamento do resto de unidades asistenciais para drogodependencias na nosa comunidade, ascendendo o importe do último convenio asinado a preto de 4 millóns de euros.

No desenvolvemento destes programas, as respectivas asociacións atenderán toda a demanda que se xere respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, no tocante á atención especializada, e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación, e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este

nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

A prestación dos devanditos servizos levaranse a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial no diferentes dispositivos das asociacións.

Estas asociacións, por mor dos seus respectivos convenios asinados coa Administración sanitaria, comprométense a cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Sergas e a realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións da Administración sanitaria galega.

### **Dependencias do alcohol, tabaco e o xogo**

Para a atención ás dependencias relacionadas co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, o Servizo Galego de Saúde destina un total de 1,4 millóns de euros euros, que se artellan mediante convenios de colaboración coas seguintes asociacións: Fundación Monte do Gozo; Asociación Exalcohólicos Luis Miguel Morás da Coruña; Asociación As Burgas; Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra; e Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal).

Por último, o Consello da Xunta tamén aprobou un convenio de colaboración entre o Sergas e a Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (Aspaneps), para a realización dun programa de atención á saúde mental-infanto xuvenil na área de Ferrol, por un importe de 141.169 euros.

## A XUNTA IMPULSA A DIXITALIZACIÓN DO ENSINO, QUE CHEGA XA A TODAS AS AULAS PÚBLICAS DE 5º E 6º DE PRIMARIA, ESO E BACHARELATO

- *Cun investimento de preto de 11 millóns de euros dotáronse de kits dixitais todas as aulas de 5º e 6º de educación primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e bacharelato de centros públicos*
- *Con esta actuación a educación dixital esténdese a 6.000 aulas de preto de 900 centros públicos*
- *Un total de 104 centros e 6.000 alumnos desenvolven a súa actividade só con contidos dixitais grazas á plataforma eDixgal*
- *Pais e nais de 90.000 alumnos poden empregar xa a aplicación abalarMobil para seguir a actividade educativa dos seus fillos*
- *A día de hoxe 370 centros públicos contan con velocidades de máis de 100 Mbps, que se ampliarán a 430 durante este ano*
- *A Xunta asinaron un acordo co Estado para que, en dous anos, o 100% dos centros públicos dispoñan de acceso á internet de 100Mbps*

A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, acaba de completar a dixitalización de todas as aulas públicas dos cursos 5º e 6º de primaria, 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e bacharelato. Deste xeito, 120.000 alumnos e 6.000 aulas de preto de 900 centros públicos contan con, polo menos, un kit de aula dixital, composto por encerado dixital interactivo, vídeo proxector, ordenador portátil para o posto de profesor, ademais da conectividade da aula.

Segundo recolle o informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, acaban de instalarse 4.000 kits destas características en 700 centros públicos que benefician a 70.000 estudantes, unha actuación na cal se investiu preto de 11 millóns de euros. Esta segunda fase da dixitalización, enmarcada no Proxecto Abalar – de integración das TIC no ensino- vén completar o esforzo da Xunta na instalación das coñecidas como ‘aulas Abalar’, de 5º e 6º de primaria e/ou de 1º e 2º de ESO, que contan cun ordenador por alumno, ademais do resto do equipamento – encerado, vídeo proxector, etc-.

O Abalar, que se vén desenvolvendo desde 2010, aglutina actuacións en 4 eixes: a mellora da conectividade nos centros públicos de Galicia; a dixitalización das aulas coa dotación de kits de aula dixital; a transformación do libro en papel aos contidos dixitais con e-Dixgal e o desenvolvemento de ferramentas de comunicación entre os membros da comunidade educativa (espazoAbalar e abalarMobil)

### **100% dos centros con conexións a 100 Mbps en dous anos**

A mellora da conectividade é chave no proceso de dixitalización das aulas. Nos últimos seis anos multiplicouse por dez a velocidade media de conexión á rede dos centros públicos de Galicia, que pasou de 5,36 a 58,65 Mbps.

Actualmente, máis de 370 centros dispoñen de conexión á rede con velocidades superiores a 100 Mbps e chegarase a máis de 430 centros ao longo do 2016 (o 38% do total de centros públicos).

En decembro de 2015 asinouse un convenio con Ministerio de Educación e Red.es para dotar de conexión a 100 Mbps todos os centros públicos ao remate de 2017. O acordo permitirá un investimento do Estado de 17,1 millóns de euros aos cales a Amtega sumará outros 2 millóns de euros.

### **e-Dixgal**

Abalar é un proxecto que desde 2010 está a transformar a aula tradicional en dixital, coa colaboración de toda a comunidade educativa, docentes, alumnos e familias. O pasado curso Abalar deu un paso máis cara a unha educación integramente dixital coa posta en marcha da plataforma de aprendizaxe virtual e-Dixgal con contidos dixitais *online* e *offline*, gratuítos para as familias.

Neste curso 2015/16 traballan de xeito diario con contidos dixitais preto de 6.000 alumnos de 5º e 6º de educación primaria e 1º de educación secundaria, e máis de 1.000 profesores de 104 centros públicos e concertados, que contan todos eles con aulas Abalar cun ordenador por alumno. No vindeiro curso, a previsión é que máis de 7.500 alumnos se beneficien de e-Dixgal.

### **abalarMóbil**

No marco do proxecto Abalar desenvolvéronse ferramentas para facilitar a comunicación entre os membros da comunidade educativa, como o portal espazoAbalar e a app abalarMobil. espazoAbalar permítelles ao profesorado e ás familias comunicarse e acceder á información sobre a evolución dos seus fillos no centro dende calquera ordenador. abalarMobil permite facer ese seguimento desde un dispositivo móbil (smartphone ou tableta).

Actualmente, abalarMobil estase a empregar en 236 centros educativos de Galicia e beneficia máis de 10.000 profesores e preto de 90.000 alumnos e as súas familias. A aplicación está dispoñible para Android e IOS con preto de 20.000 descargas en 2015.



## A XUNTA EXECUTOU EN 2015 O 106% DO ORZAMENTO, CUN AUMENTO DE 282 MILLÓNS EN INVESTIMENTOS E UN AFORRO DE 56 MILLÓNS EN DÉBEDA

- *O Goberno galego priorizou o gasto de contido social cun incremento do 5%, máis que a media do orzamento*
- *Galicia destinou 77 millóns de euros aos novos tratamentos da hepatitis C e reforzou en 14 millóns as transferencias correntes no eido educativo*
- *Ademais dos preto de 100 millóns dedicados á devolución da extra de 2012, o gasto de persoal tamén medrou polas substitucións en xustiza, Sergas e servizos sociais*
- *Os ingresos non financeiros medraron un 7,6% sobre 2014 grazas ao aumento dos recursos do sistema de financiamento e dos fondos europeos*
- *Os ingresos por tributos cedidos medraron case un 7% pola reactivación económica, e a execución do Fondo de Compensación Interterritorial duplicouse*
- *Galicia tivo un déficit do 0,67% do PIB, o que supón que a Comunidade volveu cumprir un ano máis o obxectivo de estabilidade orzamentaria*

A Xunta de Galicia acadou no exercicio 2015 unha execución orzamentaria do 106,0%, o que supón un incremento de 4,1 puntos respecto ao ano anterior. Este aumento permitiu elevar en 282 millóns de euros o gasto en investimentos, ao tempo que Galicia acadou un aforro de 56,6 millóns en xuros da débeda que se puideron destinar a gasto produtivo.

Así se recolle nun informe sobre o avance de execución orzamentaria de 2015 presentado hoxe polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, no cal se mostra que Galicia elevou en 282 millóns de euros os gastos de capital, que engloba os investimentos reais e as transferencias de capital. Este incremento consolida Galicia entre as comunidades con máis esforzo investidor e, á espera de coñecer os datos de peche de 2015, Galicia era en novembro a segunda autonomía que dedica máis recursos a gasto de capital.

Ademais, a Xunta priorizou ao longo de 2015 o gasto das consellerías de contido social, pois atendeu con máis recursos a sanidade, a educación e os servizos sociais. O gasto neste eido aumentou un 5%, máis que a media do orzamento (4,5%), e incluíu unha partida adicional de 77 millóns de euros para atender os novos tratamentos para a Hepatite C.

Tamén reforzou en 14 millóns o gasto das transferencias correntes no eido educativo, e incrementou a dotación destinada ás universidades, á adquisición de material escolar e á gratuidade no ensino.

No capítulo de gasto de persoal, a Administración galega destinou preto de 100 millóns de euros máis respecto ao ano anterior para pagar a metade da paga extra de 2012. Sen ter en conta esta partida orzamentaria, o gasto de persoal da Xunta de Galicia aumentou nun 0,5% como consecuencia do reforzo de persoal de substitución no eido da xustiza, no Sergas e nos servizos sociais.

En contraste, o gasto financeiro de Galicia reduciuse o pasado ano nun 15% sobre 2014. A Xunta aforrou no pagamento de xuros un total de 56,6 millóns de euros, que proporcionou maior marxe para destinar a gastos produtivos.

### **Aumento dos ingresos**

En materia de ingresos, os ingresos non financeiros aumentaron un 7,6% con relación a 2014, fundamentalmente polo aumento das transferencias do sistema de financiamento autonómico e dos fondos europeos e do Fondo de Compensación Interterritorial.

Así, os ingresos polos tributos cedidos incrementáronse nun 6,5% no último ano, sobre todo pola recuperación dos impostos vinculados á reactivación económica, e os ingresos provenientes dos fondos europeos medraron un 13,2%. Ademais, os ingresos do FCI aumentaron nun 143%, ao conseguir executar o dobre do orzado e, así, duplicar o importe executado en 2014.

O informe presentado polo conselleiro de Facenda constata, polo tanto, que Galicia pechou o orzamento de 2015 con máis ingresos non financeiros, con máis ingresos tributarios pola reactivación económica e con menos gastos en xuros. Isto permitiu contar con máis capacidade de gasto non financeiro, que se destinou a un maior gasto produtivo e a reforzar os recursos destinados a gasto social e a investimento.

### **Máis recursos con menos déficit**

Galicia pechou o exercicio 2015 cun déficit público do 0,67% do PIB, por debaixo do límite do 0,7% aprobado no Consello de Política Fiscal e Financeira para todas as comunidades autónomas. Isto significa que Galicia volveu cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria, cun déficit que, ademais, seguirá sendo inferior á media autonómica.

A Xunta foi quen de mellorar a execución do seu orzamento inicial priorizando os capítulos dedicados a gasto social. Ao mesmo tempo, a Administración galega puido no exercicio 2015, proceder á devolución da metade da paga extra aprazada en 2012 polo Goberno central, así como atender o gasto derivado da hepatitis C e manterse á cabeza das comunidades autónomas en esforzo investidor.



## **A XUNTA DESTINARÁ UNHA PARTIDA EXTRAORDINARIA DE 1,38 MILLÓNS DE EUROS A EXECUTAR OBRAS DE EMERXENCIA NAS ESTRADAS AFECTADAS POLO TEMPORAL**

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre os efectos que a climatoloxía adversa rexistrada en xaneiro e febreiro tivo sobre a rede de estradas autonómicas e as actuacións proxectadas para garantir a circulación*
- *O informe dá conta dun total de 51 incidencias ocasionadas polos temporais que tiveron lugar na fin de semana pasada, que se elevan a 98 se se consideran tamén as dos primeiros días de xaneiro*
- *Os danos, ocasionados na súa maior parte en estradas da provincia de Pontevedra, son derrubamentos de muros, asolagamentos ou roturas de barreiras*
- *O investimento total que implican estas incidencias ascende a 1,71 millóns de euros, ao sumar os recursos previstos nas partidas de conservación de estradas da Xunta de Galicia*

A Xunta destinará unha partida extraordinaria de 1,38 millóns de euros á execución de obras de emerxencia nas estradas afectadas polo temporal. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería de Infraestruturas e Vivenda sobre os efectos que a climatoloxía adversa rexistrada en xaneiro e febreiro tivo sobre a rede de estradas de titularidade autonómica e as actuacións programadas para garantir a circulación en condicións de seguridade.

A climatoloxía adversa dos pasados días 12, 13 e 14 de febreiro produciu un total de 51 incidentes na Rede Autonómica de Estradas: 38 desprendementos, derrubamentos ou caídas de muros de contención, 8 asolagamentos ou arrastres; 4 caídas de árbores e finalmente a rotura das pantallas antirruído da ponte sobre a ría de Noia. Estas incidencias súmanse ás 47 ocasionadas polos temporais dos primeiros días de xaneiro, a maior parte delas na provincia de Pontevedra, ata sumar un total de 98 incidencias ocasionadas polos temporais deste ano 2016.

Os numerosos derrubamentos de noiros, terrapléns e fallos en muros de contención superan as posibilidades de actuación con cargo ás partidas dos contratos de conservación de estradas. Por ese motivo, a Axencia Galega de Infraestruturas tramitará unha declaración de emerxencia para obras que cómpre acometer de inmediato para restablecer a normalidade na circulación e evitar riscos aos usuarios das estradas.

Para avaliar o gasto completo que supuxeron os temporais para a Administración é necesario agregar a dedicación dos medios de conservación de estradas; a partida total correspondente a este episodio meteorolóxico adverso é de 1,71 millóns de euros.

Nos días seguintes ao episodio de chuvias, foi necesario atender os efectos das abondosas nevaradas, para o que foi preciso mobilizar os medios previstos no dispositivo de vialidade invernal da conservación de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas.

Este dispositivo activouse o pasado 1 de novembro e esténdese ata o día 30 de abril, e entra en servizo co fin de garantir unhas adecuadas condicións de circulación pola Rede de estradas de titularidade autonómica ante as posibles condicións meteorolóxicas adversas por nevaradas e xeo. En total, foi necesario esparexer 549 toneladas de sal, 116.000 litros de salmoira, e estiveron trallando ata 31 máquinas quitaneves.

### **Incidencias atendidas polo 112**

Ademais, segundo a información subministrada pola Axencia Galega de Emerxencias, entre o venres 12 e o luns 15 de febreiro de 2016, o CAE 112 Galicia xestionou un total de 1.253 incidencias relacionadas co episodio de meteoroloxía adversa acaecido neses días.

Desas incidencias, un 43% (598) foron localizadas na provincia de Pontevedra, cunha especial incidencia nos concellos de Vigo (55 incidencias), Mos (51) e Redondela (47). A este último concello foi necesario desprazar na mañá do día 13 catro membros e dúas furgonetas do Grupo de Apoio Loxístico da AXEGA (GALI) para que, coa axuda dunha bomba de achique, liberasen a auga que anegaba a vila como consecuencia do desbordamento do río Alvedosa.

O resto das incidencias distribúense entre a provincia da Coruña (31%) e as de Lugo e Ourense cun 13% cada unha.

Porén, foi nas zonas da montaña de Lugo e Ourense nas que o temporal provocou a suspensión das clases en 33 centros. Outros 5 viron afectadas as súas liñas de transporte pero non pecharon. En total, 2.224 escolares víronse afectados nestes concellos.

Por tipoloxía, as incidencias máis comúns foron caída de árbores e pólas en estradas (25%), anegamentos (19%), terras e pedras en estradas (11%) e incidencias de circulación por acumulación de neve (6%).

### **Impacto nos Portos de Galicia**

Segundo a información subministrada por Portos de Galicia, nos días do temporal contabilizáronse ata 84 incidencias nas instalacións portuarias de titularidade autonómica: 20 afectaron aos pantaláns, outras 20 foron avarías eléctricas, 6 foron

dano nos diques e o resto danos variados nos peches, nas ramplas ou na sinalización dos distintos portos.

### **Efectos nas instalacións educativas e sanitarias autonómicas**

Os danos nos centros educativos foron escasos, limitándose a pequenas inundacións e goteiras. Resultaron afectados uns 20 centros de 11 concellos da provincia de Pontevedra e as reparacións, que xa se iniciaron, teñen un custo estimado de 18.000 euros.

Desde o 1 de xaneiro producíronse 87 incidencias en centros educativos, que supón ter que investir máis de 1,5 millóns de euros en obras de reparación debido aos temporais.

Nos centros sanitarios, porén, o importe total dos danos ascende a máis de 220.849 € polas reparacións necesarias en 27 centros, especialmente na área sanitaria de Vigo. Nela, once centros de saúde e mais o Hospital Meixoeiro víronse afectados, esencialmente por filtracións de auga.

A avaliación da danos en instalacións sanitarias complétase cos localizados en catro hospitais (Provincial de Pontevedra, Oza e CHUAC na Coruña e Arquitecto Marcide e Nóvoa Santos en Ferrol) e nove centros de saúde (un na área de Coruña, dous na de Lugo e seis na de Ferrol).

Por tipoloxía, son comúns os danos en baixantes, cubertas, teitos e ventás. As actuacións a executar polos temporais acaecidos en Galicia desde principio de ano (ás que se suman estes 220.849 €) supoñen xa máis de 2 millóns de euros.

## A XUNTA DÁ UN NOVO PULO Á SÚA POLÍTICA INDUSTRIAL CUN PROGRAMA PIONEIRO PARA ATRAER PROXECTOS DE MÁIS DE 50M€ EN INDUSTRIA 4.0 PROMOVIDOS POR GRANDES EMPRESAS

- *A Iniciativa Captación de Investimentos 4.0 é a maior aposta do Goberno galego neste eido, que se suma a outras actuacións para facer de Galicia un contorno atractivo para os investidores como as rebaixas no solo industrial, o Plan de banda larga ou a Oficina Doing Business*
- *O obxectivo é captar investimentos para desenvolver na Comunidade iniciativas de cooperación sobre a fábrica intelixente e as tecnoloxías que a rodean, achegando apoios de entre o 25% e o 40%*
- *Os proxectos elixidos deberán realizar a industrialización e a comercialización de resultados en Galicia, co conseguinte impacto no tecido produtivo derivado do investimento en I+D*
- *Este reclamo ao mercado permanecerá aberto ata 2020 co obxectivo de impulsar proxectos estratéxicos para os intereses industriais galegos e cun impacto socioeconómico forte e de longo rendemento*
- *A actuación contribuirá de xeito decisivo á creación de 50.000 empregos cualificados e ao incremento do peso da actividade industrial sobre o PIB galego ata o 20%, obxectivos da Axenda da competitividade Galicia - Industria 4.0*

O impulso da competitividade industrial é un eixe fundamental no desenvolvemento da política económica do Goberno galego de cara a fixar tecido industrial en Galicia e consolidar o crecemento. Neste contexto, e no marco da aposta pola Industria 4.0 como principal garantía de competitividade do tecido empresarial galego, a Xunta activa a denominada Iniciativa Captación de Investimentos 4.0, encamiñada á captación para a Comunidade de grandes proxectos tecnolóxicos con orzamentos superiores aos 50 millóns de euros.

Deste xeito, a actuación pioneira, sobre a cal se informou hoxe no Consello, configúrase como a maior aposta do Goberno galego pola Industria 4.0 e supón un novo pulo á política industrial que está a desenvolver para facer de Galicia un contorno atractivo para os investidores. Así, a dita atracción de investimentos complementase con outras accións, como as rebaixas no solo industrial, que permitiron vender o ano pasado máis de 500.000 metros cadrados; o Plan de banda larga 2020, para introducir as empresas galegas nunha economía dixital con beneficios económicos e sociais sustentables; ou a simplificación administrativa, coa nova Oficina *Doing Business*, canle directa con cidadáns e empresas para suprimir barreiras e impulsar a posta en marcha de proxectos.

Neste escenario, a iniciativa busca a captación de capital privado para desenvolver grandes proxectos de cooperación sobre a fábrica intelixente e as tecnoloxías que a

rodean, como a intelixencia artificial, a internet das cousas, a impresión 3D ou o *Big Data*. Para isto, cofinanciaranse, con apoios de entre un 25% e un 40%, aqueles proxectos que sexan promovidos por empresas líderes a nivel internacional, para dar resposta aos retos de futuro da industria galega.

Neste marco, as compañías interesadas deberán realizar a industrialización e a comercialización de resultados en Galicia, co conseguente impacto no tecido produtivo derivado do investimento en I + D.

Así, os beneficiarios terán que contar cunha valoración positiva do Goberno galego, que se emitirá baixo criterios técnicos da súa idoneidade ao servizo dos intereses estratéxicos da industria, e da súa excelencia innovadora, contribuindo ao desenvolvemento e á consolidación do ecosistema innovador e do emprendemento galego. Ademais, deberá existir o compromiso de subcontratar centros de coñecemento da Comunidade.

Desta forma, a importante aposta económica da Xunta materializarase na atracción de capital privado capaz de impulsar o crecemento socioeconómico de Galicia, obtendo un retorno de rendemento prolongado en termos de creación de emprego cualificado, investimentos e dinamización do tecido empresarial.

### **Un novo tecido industrial**

A Iniciativa Captación de Investimentos 4.0 configúrase, polo tanto, como a aposta máis ambiciosa da Xunta neste eido, nun marco coordinado de actuación no cal se combinan o reto de mellora da competitividade industrial establecido na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), a Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0 e o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

O obxectivo común é acompañar o tecido empresarial galego na nova revolución industrial que supón a introdución en procesos como a fabricación de tecnoloxías intelixencia artificial, a conectividade, a robótica avanzada ou a realidade aumentada. O escenario final aspira a acadar un tecido industrial máis moderno, intelixente, sustentable e competitivo a longo prazo no mercado global.

Neste sentido, o novo programa da Xunta contribuirá a acadar as principais metas establecidas na Axenda 4.0, como a creación de 50.000 novos postos de traballo cualificados e o aumento do peso da actividade industrial do 13,5 ao 20% sobre o PIB galego. Isto, unido á redución de custos de fabricación, a posibilidade de personalizar os produtos ou a apertura de novas oportunidades de negocio, traduciranse en maior produtividade e competitividade e, en definitiva, en crecemento económico para Galicia.

### **Chamada ao mercado aberta ata 2020**

Nos vindeiros días publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o anuncio polo que se invita a grandes empresas a que manifesten o seu interese en presentar propostas. Esta chamada ao mercado permanecerá aberta ata o ano 2020 de xeito permanente e as axudas só serán habilitadas logo da constatación de que existen grandes multinacionais interesadas en desenvolver os seus proxectos en Galicia e da comprobación da idoneidade, calidade e impacto destes proxectos.

As propostas poderán encamiñarse ao desenvolvemento experimental tanto de procesos como de produtos relacionados coa Industria 4.0, e serán incentivadas aquelas que prevegan a colaboración con centros tecnolóxicos e de investigación galegos.



## **SERGAS E USC COLABORARÁN PARA DOTAR DUN NOVO EDIFICIO A FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA**

- ***A impartición da docencia nas instalacións da rúa San Francisco, cando a actividade clínica e practicamente a totalidade da actividade investigadora se realizan no Campus Vida, ocasiona importantes disfuncións***

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre o convenio de colaboración que asinarán o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para poñer en marcha o proxecto de construción dunha nova facultade de Medicina e Odontoloxía da USC a carón do actual Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

A impartición da docencia nas instalacións da rúa San Francisco, cando a actividade clínica e practicamente a totalidade da actividade investigadora se realizan no Campus Vida, ocasiona importantes disfuncións, o que converte en urxente a dotación dun novo edificio no contorno do Hospital Clínico, e incorporar no complexo e no actual pavillón docente as necesidades da Facultade de Enfermaría.

Segundo este acordo, a Universidade convocará un concurso para a realización do anteprojecto do edificio, segundo o establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Así, farase unha selección previa de cinco participantes para a cal se aplicarán criterios obxectivos, claros e non discriminatorios con base na cualificación do equipo redactor, na súa experiencia profesional, na calidade arquitectónica das obras que proxectasen e realizasen e na metodoloxía de traballo que propoñan para abordar o proxecto e os seus requirimentos enerxéticos e construtivos.

A redacción do proxecto básico, que corresponde á USC, contrataráselle ao gañador do concurso. Nese contrato poderán incluírse tamén os traballos de dirección na redacción do proxecto executivo, así como a posterior dirección facultativa da obra.

Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde colaborará no financiamento dos custos que xeren as primas de participación no concurso cunha contía máxima de 60.500 euros. Ademais, o Sergas designará un representante no xurado ou órgano equivalente que se constitúa para a selección dos proxectos.

A Facultade de Medicina da USC, creada en 1648, ocupa desde 1928 un edificio na rúa San Francisco da zona histórica de Compostela, onde se trasladou desde o Colexio de Fonseca para estar preto do Hospital Real (daquela Hospital Clínico). Co tempo, estas instalacións sanitarias resultaron insuficientes para satisfacer o incremento da

demanda de actividade clínica e asistencial, polo que se fixo necesaria a construción dun novo edificio para o Hospital Clínico que se localizou na Choupana, inaugurado en 1999 e que se coñece como Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

Posteriormente, creou a USC a agrupación estratéxica Campus Vida, bioclúster no campo das ciencias da saúde, que alcanzou en 2011 a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de referencia global. En 2008, ademais, constituíuse, o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), que a seguir acadou a acreditación do Instituto de Saúde Carlos III, integrando a profesores de áreas clínicas da Facultade de Medicina e a persoal do hospital, no que ten situada a súa sede.

A USC construíu tamén nas proximidades do CHUS o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (Cimus) que integra grupos de investigación de profesores de materias básicas da titulación de Medicina (Fisioloxía e Anatomía, fundamentalmente); e o Centro de Biomedicina Experimental (Cebega), próximo a entrar en funcionamento, o que consolida o centro da actividade investigadora en materia biosanitaria no espazo que relaciona o Campus Vida e o complexo hospitalario.

Polo tanto, e dada a conveniencia para a formación dos futuros profesionais sanitarios da existencia dunha proximidade física entre os servizos docentes e investigadores das facultades de Medicina e Odontoloxía e de Enfermaría e o lugar en que se presta a atención clínica, converteuse nunha necesidade abordar o reto da dotación dunha nova facultade próxima a esta infraestrutura hospitalaria.



## **OS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO BENEFICIARANSE DE MÁIS DE 48 MILLÓNS DE EUROS PARA A EXECUCIÓN DAS SÚAS ESTRATEXIAS ATA 2020**

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que recolle o proceso de implantación dos GALP en Galicia e todas as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para a posta en funcionamento destes grupos*
- *O departamento que dirixe Rosa Quintana deu por concluída a selección dos GALP e a aprobación das súas estratexias a finais de xaneiro e a nosa Comunidade converteuse na primeira de España en facelo*

A Consellería do Mar destina máis de 48 millóns de euros para o desenvolvemento das estratexias de desenvolvemento local participativo dos grupos de acción local do sector pesqueiro GALP (coñecidos no período 2007-2013 como grupos de acción costeira ou GAC) no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020. Así o reflicte o informe presentado hoxe no Consello da Xunta, no que se dá conta do proceso de implantación en Galicia destes grupos.

Deste xeito, ao GALP da zona da Mariña Ortegal correspóndenlle máis de 7,6 millóns de euros para a execución de proxectos; ao do Golfo Ártabro Norte, máis de 6,1, e ao da Costa da Morte, máis de 7,3 millóns de euros. No caso do grupo da Ría de Muros-Noia, disporá dun importe superior aos 9,4 millóns; o da Ría de Arousa, de máis de 7,4 millóns; o da Ría de Pontevedra, de preto de 5,8 e o da Ría de Vigo-A Guarda contará con 5 millóns para a posta en marcha das súas iniciativas.

Neste informe relátanse todas as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para a posta en funcionamento dos GALP. Así, sinalase que en abril de 2015 a Consellería do Mar publicou a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no horizonte 2020. En xullo foron seleccionadas as asociacións candidatas.

Coas sete asociacións escollidas (Golfo Ártabro Norte, A Mariña Ortegal, Costa da Morte, Ría de Muros- Noia, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo- A Guarda), a Consellería do Mar asinou convenios por un importe total de 169.000 euros para a elaboración das súas estratexias. Queda unha zona sen cubrir, que poderá ser seleccionada antes do 31 de decembro 2017.

Ademais, no mes de decembro, o Consello da Xunta deu o seu visto e praxe a un convenio tipo que se asinará proximamente por importe de 14,1 millóns de euros. Este acordo ten como obxectivo financiar os gastos de funcionamento e animación dos

GALP para a aplicación das súas estratexias e permitiranlles xestionar e controlar as axudas que se tramiten para desenvolver as iniciativas.

Finalmente, o departamento que dirixe Rosa Quintana emitiu unha resolución por cada un dos GALP a finais de xaneiro, na cal se especifica a selección dos grupos e o seu ámbito territorial, as súas obrigas básicas de xestión, a aprobación das estratexias, a asignación económica global para cada grupo e a específica para os gastos de funcionamento e promoción na súa zona de influencia, entre outras cuestións. Con este último paso danse por constituídos os GALP e a nosa Comunidade converteuse na primeira de España en seleccionar os grupos e aprobar as súas estratexias.

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade ao traballo desenvolvido desde os grupos de acción costeira. Estas organizacións son entidades sen ánimo de lucro de carácter supramunicipal promovidas pola Unión Europea, formadas por axentes, tanto públicos como privados, das sete zonas de actuación constituídas, e traballan co fin de mellorar a capacidade organizativa do sector pesqueiro e de fomentar a diversificación para os profesionais do mar.